

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN MANOLO PAZ ARTE CONTEMPORÁNEA PARA A EXPOSICIÓN "A DISTANCIA QUE UNE" EN NOVA YORK**

Don José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Don José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Don Manuel Paz Mouta, na súa calidade de presidente da Fundación Manolo Paz Arte Contemporánea con CIF G94034089, actuando en nome e representación desta entidade.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

**EXPOÑEN:**

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar



unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fóra do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Manolo Paz é un dos escultores máis singulares da escena artística. A súa obra, independente das tendencias, busca transformar a materia inerte en obras de arte. Desde o principio, traballou con materiais industriais como o formigón ou o metal, alternando o seu protagonismo na súa produción con elementos naturais como o granito ou a madeira. Practica o tallado directo e traballa con granito, creando esculturas ensambladas cunha base xeométrica e construtivista. Tamén explora o traballo en metal e a ensamblaxe orgánica de estruturas fragmentadas de granito.

A súa obra transformou paisaxes non só na súa Galicia natal, senón tamén no Xapón, e intégrase en espazos urbanos en cidades como Bruxelas ou Stuttgart. En 1994, creou unha das súas obras máis icónicas: "Familia de Menhires" ou "Menhires pola Paz", un conxunto escultórico de 12 pezas situado fronte á Torre de Hércules, na Coruña. Moitas das súas pezas poden verse na súa propia Fundación Manolo Paz en Cambados. En 2022 inaugurouse "Espellos", tres pezas de 3,5 metros de altura e 2,8 metros de ancho, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Nos últimos anos, expuxo a súa obra en cidades como Santiago de Compostela, Madrid ou Málaga. As súas esculturas forman parte de coleccións como AENA, o Centro Galego de Arte Contemporánea, ou a Fundación Pilar e Joan Miró en Palma de Mallorca.

Entre 2022 e 2023, Manolo Paz realizou tres exposicións de escultura ao aire libre nas cidades de Santiago de Compostela, Madrid e Málaga (todas elas adquiriron obras). Coincidindo coa celebración do ano Xacobeo, cinco esculturas do artista de Cambados foron instaladas no casco antigo e na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, en lugares tan significativos como a Praza do Obradoiro ou o Parque da Alameda. No outono dese mesmo ano, a exposición "A distancia que une" trasladouse a un dos paseos máis emblemáticos de Madrid, o eixo formado polo Paseo do Prado e



o Paseo de Recoletos, ocupando espazos como a Praza de Cibeles ou os xardíns do Museo Thyssen- Bornemisza, con motivo da designación da área coñecida como "Paisaxe da Luz" como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Manolo Paz presentará dez das súas esculturas máis icónicas na cidade de Nova York. Tras o éxito das súas recentes exposicións no espazo público en España, Nova York convértese agora no escenario internacional da súa exposición titulada "A distancia que une."

Esta exposición rende homenaxe aos anos formativos do artista vivindo e traballando na cidade. En Park Avenue expoñerá unha das súas pezas de pedra máis icónicas, "Catedrais," unha escultura elaborada en pedra cuarcita, que vincula simbolicamente cos rañaceos de Nova York, a miúdo considerados as catedrais contemporáneas da nosa era.

Xunto a estas, exhibiranse catro das súas esculturas metálicas: unha versión vermella de "Transparencias" e tres esculturas da súa serie NASA en branco, azul e vermello, facendo referencia á bandeira dos Estados Unidos. O título "Transparencias" fai referencia a como a escultura se volve traslúcida, permitindo que a paisaxe urbana sexa vista a través dela. Estas esculturas son complexos crebacabezas tridimensionais dunha malla metálica, unha estrutura que evoca o trazado en cuadrícula das rúas e edificios de Nova York.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio, de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Manolo Paz Arte Contemporánea para colaborar nos gastos da exposición "a distancia que une" en Nova York.

Custo total das actuacións: 255.394,35 €

- Honorarios de comisariado, traballos de deseño da imaxe da exposición e adaptación da gráfica a diferentes soportes ( <u>cartelas</u> , web, invitación en liña), e realización de dossieres para a exposición e fotomontaxes	10.529,10 €
- Visitas ás localizacións do equipo produtor e do artista. Voos e	5.925,00 €



estancia	
- Producción de <u>cartelas</u> de aceiro galvanizado encartado sobre ferro de ferro e impresión de vinilo transparente sobre elas	1.341,00 €
- Producción de caixas para transporte	14.500,00 €
- Transporte das obras desde Cambados a Nova York	98.524,25 €
- Gastos almacenaxe en Nova York antes de montaxe	3.000,00 €
- Producción das obras	32.000,00 €
- Desprazamentos, aloxamentos e dietas durante a montaxe por parte do artista e o seu equipo. Estancia durante unha semana	12.800,00 €
- Desprazamentos, aloxamentos e dietas durante o desmonte por parte do artista e o seu equipo	6.600,00 €
- Montaxe en Nova York	21.000,00 €
- Traballos de xestión e solicitude de permisos	18.000,00 €
- Proxecto enxeñería	7.500,00 €
- Seguro de transporte ida e volta	5.800,00 €
- Servizo de coordinación de todos os traballos de montaxe, comunicación e difusión	15.000,00 €
- Seguro de Responsabilidade Civil	2.875,00 €

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa Fundación Manolo Paz Arte Contemporánea. Manolo Paz é un dos escultores máis singulares da escena artística. A súa obra, independente das tendencias, busca transformar a materia inerte en obras de arte. Desde o principio, traballou con materiais industriais como o formigón ou o metal, alternando o seu protagonismo na súa produción con elementos naturais como o granito ou a madeira. Practica o tallado directo e traballa con granito, creando esculturas ensambladas cunha base xeométrica e construtivista. Tamén



explora o traballo en metal e a ensamblaxe orgánica de estruturas fragmentadas de granito. A Fundación vai realizar a exposición “a distancia que une” en Nova York.

Por todo o anterior é a Fundación Manolo Paz Arte Contemporánea a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2026 e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

### **SEGUNDA.- Obrigas da Fundación Manolo Paz Arte Contemporánea**

A Fundación Manolo Paz Arte Contemporánea comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A beneficiaria deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.



A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Fundación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

### **TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar á Fundación a cantidade de 90.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.01.431A.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, código de proxecto 2022 00076.

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a aboar á Fundación a cantidade de 90.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, código de proxecto 2015 00005.

Esta cantidade que achega a Xunta de Galicia, 180.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns



xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

#### **CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de novembro de 2026

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención tanto da parte que corresponde á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude como a que corresponde á Axencia de Turismo de Galicia, coa data límite establecida de 15 de novembro de 2026, e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Indicar o número de asistentes.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
  - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final, o total dos gastos.



- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

#### Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2026, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora



correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

#### **QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta**

A Fundación poderá solicitar pagamentos anticipados ata un máximo do 50% concedido tanto pola Consellería como pola Axencia de Turismo de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de conformidade co disposto no artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Fundación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan pola Consellería e pola Axencia de Turismo de Galicia, non poderá exceder do 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

O beneficiario estará exento da obriga de constituír a garantía se o Consello da Xunta autoriza a exención que se lle solicitou en virtude do artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

#### **SEXTA.- Comisión de Seguimento**

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por tres persoas representantes de cada unha das partes asinantes.

#### **SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio**

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes



asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

*"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

*Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."*

#### **OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación Manolo Paz Arte Contemporánea acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos



dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **DÉCIMA.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que



este(a) obrigado(a) a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

### **DÉCIMO CUARTA.- POSIBILIDADE DE DESISTENZA DO CONVENIO**

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

Ao estaren as partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, P.D. Orde do 28/06/2024 A secretaría xeral técnica	O director da Axencia de Turismo de Galicia, Manolo Paz Contemporánea	O presidente da Fundación Arte
---	--	-----------------------------------

Elvira M<sup>a</sup>. Casal García

José Manuel Merelles Remy Manuel Paz Mouta

